



NORMAS PARA A EVACUACIÓN DO CENTRO

Sistema de aviso de alarma, mediante un timbre situado na planta baixa ao lado de conserxería, que debe ser accionado tres veces consecutivas, con sons de corta duración.

En cada espazo do centro existe un plano de evacuación ben visible que debe seguirse en caso de aviso de alarma

As portas e fiestras das aulas deben quedar pechadas cando saia o alumnado.

Existen diferentes puntos de encontro segundo a etapa educativa:

Infantil no patio exterior (parte inferior da pista polideportiva)

Primaria no patio exterior (parte intermedia da pista polideportiva)

Secundaria no patio exterior (parte superior da pista polideportiva)

O alumnado con problemas de mobilidade será levado polas persoas responsables do mesmo ao patio exterior:

- Pola porta do patio cuberto dende a planta baixa
- Pola porta situada ao final do corredor do laboratorio dende a primeira planta
- Pola porta situada ao final do corredor da biblioteca dende a segunda planta

No caso do alumnado e monitores das actividades extraescolares e do persoal non docente seguirán as directrices xerais marcadas para cada un dos espazos que ocupen nese intre coa excepción que terán un único punto de encontro que será o Punto de encontro de Educación Primaria (na pista exterior descuberta). No período das actividades o **timbre situado na planta baixa ao lado de conserxería**, debe ser accionado tres veces consecutivas, con sons de corta duración por **parte do profesorado de garda** de extraescolares.

Cada docente ou monitor debe controlar que todo o seu alumnado chegue ao punto de encontro.

No caso de corte do subministro eléctrico, as vías de evacuación están debidamente iluminadas.

O Equipo de Alarma e Evacuación:

- Manter a orde e o silencio
- Atender ás indicacións do responsable de planta.
- Non demorarse para recoller obxectos persoais.
- Saír ordenadamente e sen correr.
- Non falar durante a evacuación.
- Permanecer no punto de reunión en proximidade do responsable de planta.